

Xornada On-line

As patentes como fonte clave de información técnico-comercial



- 📅 **Data:** 5 de Outubro de 2022
- 🕒 **Horario:** de 09:15 h. a 12:00 h.
- 👥 **Organiza:** CIS Tecnoloxía e Deseño

O **CIS Tecnoloxía e Deseño** promove en 2022 un ciclo formativo de varias actividades, dirixidas especificamente a incrementar o coñecemento das empresas. Esta nova xornada estará adicada ás patentes como fonte de información.

A vixilancia estratéxica de patentes permite ás empresas dispor de información sobre o estado da arte das tecnoloxías, coñecer os novos desenvolvementos dos competidores e evitar a re-eneñería de deseño ou procesos cos seus elevados custos asociados, así como posibles infraccións por violación da protección industrial de terceiros.

Nesta xornada veremos qué información conteñen as patentes, onde buscar dita información, analízala e como aplicar os resultados obtidos.

Este taller será impartido por **SERGIO LARREINA**, Director de Consultoría Estratéxica en ISERN Patentes y Marcas. Conta con 18 anos de experiencia e é profesor no Máster de Inteligencia Competitiva da Universidade de Zaragoza.

PROGRAMA

- **9:15 h. – 9:30 h.**
 - Presentación a cargo de **María José Mariño Fontenla**, Directora de Área de Centros de GAIN.
- **9:30 h. – 11:45 h.**
 - Definición de patente e modelo de utilidade.
 - Definición da contorna: variables.
 - Información contida nunha patente e outros documentos de propiedade industrial.
 - Como buscar patentes nos repositorios nacionais e privados.
 - Tratamento e análise da información.
 - Beneficios da vixilancia e a análise de patentes.
 - Aplicación a plans estratéxicos, financiamento público e investimentos.
- **11:45 h. – 12:00 h.**
 - Reflexións e discusión.

